

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Subvencións e axudas**

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2018

EXTRACTO DEL ACUERDO DE LA JUNTA DE GOBIERNO DEL AYUNTAMIENTO DE VIGO DE 25/05/2018, POR LO QUE SE CONVOCAN LAS SUBVENCIONES PARA EL FOMENTO DEL ASOCIACIONISMO Y DE LA PARTICIPACIÓN CIUDADANA PARA EL AÑO 2018

BDNS(Identif.):402069

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno del Ayuntamiento de Vigo de 25/05/2018, por lo que se convocan las subvenciones para el fomento del asociacionismo y de la participación ciudadana para el año 2018.

De conformidad con el previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.la de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMERO.—BENEFICIARIOS

Podrán concurrir a esta convocatoria pública las entidades que operen en el movimiento vecinal y figuren inscritas en los epígrafes 10.1 o 10.5 del Registro Municipal de Asociaciones (Asociaciones de Vecinos y Sociedades Culturales), que cumpliendo los requisitos y finalidad de la misma, fomenten el asociacionismo y la participación ciudadana y tengan como ámbito de actuación el término municipal de Vigo, y cuyas actividades complementen competencias municipales, mediante la realización de programas de actividades generales o específicos que sirven para reforzar los servicios que, en este ámbito, presta el Ayuntamiento de Vigo.

SEGUNDO.—OBJETO

A convocatoria de subvenciones, realizada por la Concejalía de Parques, Jardines, Comercio, Participación Ciudadana y Distritos del Ayuntamiento de Vigo, tiene por objeto la concesión de ayudas económicas para el desarrollo de actividades y programas de interés general, realizadas o pendientes de llevar entre el 1 de noviembre de 2017 hasta el 30 de septiembre de 2018.

Se consideran programas necesarios para el normal funcionamiento de la entidad, para el cumplimiento de sus fines y el desarrollo de sus actividades sociales, los cuáles se pretenden fomentar, los siguientes:



1.—Programa I: Gastos de mantenimiento: gastos corrientes de funcionamento y mantenimiento de las sedes y de sus instalación sociales, entendiéndose por tales, los que permitan el normal funcionamiento de las entidades vecinales beneficiarias, en lo que se refiere, entre otros, el suministro de servicios (agua, electricidad, gas, teléfono...), arrendamiento del local social, mantenimiento de equipos informáticos, papelería, gestoría o asesoramiento jurídico o financiero para trámites de la propia asociación, seguros, impuestos, pequeñas averías en las sedes sociales (arreglo o reposición de cerraduras, lámparas, enchufes, llaves...), mantenimiento de equipos informáticos, limpieza o similares. Se admitirán, además, como gastos indirectos, los de gestión y administración del local social (personal), hasta un máximo de un 10% adicional del importe del proyecto de gastos directos.

2.—Programa II :Gastos en inversión: equipamiento: equipamiento de las sedes sociales mediante la adquisición de bienes muebles inventariables (se considera material inventariable, aquel que no es susceptible de un rápido deterioro por su uso, formando parte del inventario de la entidad), admitiéndose, únicamente los destinados a la nueva adquisición, o relevo de equipos, equipamiento de luz, sonido y maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina y similares, siempre que respondan a la naturaleza de la actividad subvencionada.

3.—Programa III: Gastos en inversión: obras y adquisición de inmuebles: adquisición, obras de nueva construcción, reforma, rehabilitación o conservación de bienes inmuebles e instalaciones sociocomunitarios, destinados a mejorar la seguridad, accesibilidad, salubridad, supresión de barreras arquitectónicas y similares, situados en el término municipal de Vigo, ocupados, tanto en régimen de propiedad personal, de cesión (pública o personal) o en régimen de alquiler, ejecutadas o pendientes de ejecutar por la entidad beneficiaria, tanto con fondos propios como con la colaboración de otras entidades públicas y personales. Podrán incluirse, como gastos indirectos, hasta un máximo de un 20% del presupuesto presentado, los desembolsados en el proyecto, estudios previos, obtención de licencias y permisos, impuestos, gastos notariales y registrales, y similares, siempre que estén directamente relacionados con la actuación subvencionada y sean indispensables para la adecuada ejecución o preparación del mismo.

TERCERO.—BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 25/05/2018, y publicadas en el Boletín Oficial de la Provincia, en el portal de transparencia y en la página web del Ayuntamiento de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.—CUANTÍA TOTAL Y CRÉDITO PRESUPUESTARIO

a) La cuantía total destinada a estas subvenciones para lo vigente ejercicio presupuestario es de 298.000,00 € (doscientos noventa y ocho mil euros), distribuidos de la siguiente manera:

1.—Programa I: 148.000,00 € (ciento cuarenta y ocho mil euros), que se hará efectiva con cargo a la aplicación presupuestaria 9240 4890000, denominada “Subvenciones a entidades ciudadanas” del vigente ejercicio presupuestario. La subvención por este concepto no podrá superar, en ningún caso, el límite de 5.000 €.



Xoves, 7 de xuño de 2018

Núm. 109

2.—Programas II e III: 150.000 € (ciento cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo a la aplicación presupuestaria 9240.7800010, chamada “Transferencias de Capital a Asociacións” del vigente exercicio presupuestario. La subvención por este concepto no poderá superar, en ningún caso, los 5.000 € en equipamiento y en el programa de obras el 80% del coste total del proyecto o, en todo caso, los 15.000 €.

QUINTA.—SOLICITUDES Y PLAZO DE PRESENTACIÓN

1.—En cumplimiento del deber impuesto por el artículo 14.2.1a) de la Ley 39/2015, del 1 de octubre de Procedimiento Administración Común de las Administraciones Públicas (LPAC), se establece el empleo, de manera exclusiva, de medios electrónicos (tramitación on line) para presentar y tramitar la solicitud de esta subvención a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Vigo, mediante lo Registro General (tramitación por internet).

Para dicha tramitación se requiere la identificación de la entidad solicitante y la firma electrónica de su representante legal, por cualquiera de las modalidades admitidas por el Ayuntamiento de Vigo, que se pueden consultar en el enlace <https://sed.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

El plazo de presentación de las solicitudes y de la documentación complementaria correspondiente, será de 15 días hábiles, a contar desde el día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, que será comunicado desde la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidad de subvenciones nos tener del art. 30 de la LPAC.

Las solicitudes de subvención se presentarán, debidamente cumplimentadas, en los modelos oficiales aprobados con estas bases, que estarán disponibles en la página web (www.vigo.org).

El jefe del servicio de Participación Ciudadana y Desarrollo Local,

Franciso J. Gutiérrez Orúe

Vigo, 25/05/2018

Abel Caballero Alvarez. Alcalde



Xoves, 7 de xuño de 2018

Núm. 109

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE 25/05/2018,
POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO
E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2018.*

BDNS(Identif.):402069

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de 25/05/2018, polo que se convocan as subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2018.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.—BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.—OBXECTO

A convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o 1 de novembro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018.

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

1.—Programa I: Gastos de mantemento: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, no que se refire, entre outros, a subministro de servizos (auga, electricidade, gas, teléfono...), arrendamento do local social, mantemento de equipos informáticos, papelería, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación, seguros, impostos, pequenas avarías nas sedes sociais (arranxo ou reposición de pechaduras, lámpadas, enchufes, billas...), mantemento de equipos informáticos, limpeza ou similares. Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os de xestión e administración do local social (persoal), ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.



Xoves, 7 de xuño de 2018

Núm. 109

2.—Programa II :Gastos en investimento: equipamento: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles inventariables (considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade), admitíndose, unicamente os destinados á nova adquisición, ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares, sempre que respondan á natureza da actividade subvencionada.

3.—Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”: adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, destinados a mellorar a seguridade, accesibilidade, salubridade, supresión de barreiras arquitectónicas e similares, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas. Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento achegado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

TERCEIRO.—BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 25/05/2018, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.—CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 298.000,00 € (douscentos noventa e oito mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

1.—Programa I: 148.000,00 € (cento corenta e oito mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicacións orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 5.000 €.

2.—Programas II e III: 150.000 € (cento cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Transferencias de Capital a Asociacións” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €.



Xoves, 7 de xuño de 2018

Núm. 109

QUINTA.—SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1.—En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña) para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,

Franciso J. Gutiérrez Orúe

Vigo, 25/05/2018

Abel Caballero Alvarez. Galego

